XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Xacobeo 21·22



IES Plurilingüe Rafael Dieste

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

O IES Plurilingüe Rafael Dieste está situado na Ronda de Outeiro, 334. 15011 de A Coruña. Os datos de contacto son:

- Teléfono: 881960930
- Correo electrónico: ies.rafael.dieste@edu.xunta.es
- Web: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesrafaeldieste/

Conta con arredor de 600 alumnos de ESO e Bacharalato e 54 profesores.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- A nivel **socio-cultural** o centro ubícase no distrito V de A Coruña, no vértice onde converxen os barrios de Os Rosais-Labañou, Riazor, con familias principalmente autóctonas, e no Agra do Orzán, no que destacan a presenza de inmigrantes procedentes sobre todo América Latina. Existe igualmente unha poboación estable de etnia xitana. O nivel cultural das familias é diverso e inflúe moito no nivel e as expectativas dos seus fillos.
- A nivel **económico:** Esta realidade social e cultural dá lugar a unha situación económica complexa. A maioría da poboación traballa no sector dos servizos ou como autónomos. Existe unha porcentaxe significativa de persoas desempregadas que, nalgúns casos, perciben unha renta mínima que complementan con traballos fóra do ámbito legal na chamada economía sumerxida.
- O Plan Dixital contribúe ao logro de obxectivos reflectidos na Programación Xeral Anual como son “impulsar a innovación e o uso das novas tecnoloxías como recurso didáctico e adaptalo ás verdadeiras necesidades do alumnado”, “promover cambios metodolóxicos e organizativos que permitan mellorar os resultados académicos”, “mellorar a eficacia na xestión e funcionamento dos recursos do centro” e “establecer medidas para a mellora da equidade, a igualdade de oportunidades e a atención á diversidade, que faciliten a integración e o máximo desenvolvemento das capacidades do alumnado”.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A necesidade deste Plan Dixital xustifícase en relación ás seguintes textos lexislativos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O proceso para a elaboración deste Plan Dixital foi guiado polo asesor Jorge Sierra.
Constituiuse un grupo de traballo dentro do PFPP (co asesoramento de Alberto Huerga, do CFR) formado polo director (coordinador), o coordinador da aula virtual e outros tres profesores do departamento de matemáticas.
Para a súa elaboración, reunímonos en diversas ocasións. Inicialmente, cada reunión tratábamos de iniciar unha tarefa e repartir traballo para realizar individualmente e, posteriormente, facer unha posta en común.
O equipo asistiu tamén as dúas formacións telemáticas cos asesores.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro conta actualmente con infraestrutura de conectividade por cable en todo o edificio. A conefctividade sen fíos é moi deficiente e só funciona, con moitas limitacións, na biblioteca.*
- *Todas as aulas (44) están equipadas con ordenador e pizarra dixital (25) ou proxector. Ademais, contamos con dúas aulas de informática (grande, con 31 equipos novos; e pequena, con 26): a grande renovada fai un ano e a pequena o será este mesmo verán do 2022. Os departamentos teñen cadanseu ordenador. Na biblioteca contamos con equipos bastante obsoletos:*
  - *HP DC7800: ano 2013 (1 ud)*
  - *HP 6200: ano 2011 (1 ud)*
  - *HP8000 elite: ano 2015 (5 uds)*
- *Servizos dixitais educativos: contamos con páxina web, blog e perfil de facebook, dinamizados por un profesor do centro, ademais dun blog do equipo da biblioteca, ademais de facer uso da rede abalar móbil.*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro, está a cargo dunha empresa de mantemento informático.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

***Autoavaliación SELFIE**: **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa :*

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1	3
	Profesorado	2,7	2,7

	Alumnado	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9	3,6
	Profesorado	2,4	2,6
	Alumnado	2,7	2,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8	3,7
	Profesorado	3	3,2
	Alumnado	2,8	2,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3	3,4
	Profesorado	2,9	3
	Alumnado	-	-
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9	3,7
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado	3,6	3,5
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1	2,9
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	2,8	2,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,1	2,8
	Profesorado	2,7	2,7
	Alumnado	2,6	2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3	3,2
	Profesorado	2,9	3,1
	Alumnado	2,7	2,2

Test CDD: *Información recollida nas táboas 1.3; 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. T*

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	25	44	56,8%
PROVISIONAL	2	3	66,7%
INTERINO	5	5	100%
SUBSTITUTO	5	8	62,5%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,7	Integradora (B1)	76,4	Integradora (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	*72,4*	Integradora (B1)	*79,2*	Integradora (B1)
BAC	*74,1*	Integradora (B1)	*77,4*	Integradora (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,7%
A2	16	43,2%

B1	14	37,8%
B2	4	10,9%
C1	2	5,4%
C2	0	0%
TOTAL	37	99,9%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		**FORTALEZAS**	**DEBILIDADES**
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2. - Todas as aulas están equipadas con ordenadores relativamente actualizados, a maioría con pizarra dixital, e as aulas TIC teñen ordenadores novos; C1 - A infraestructura respalda o ensino con medios dixitais. C8 - O centro posee dúas aulas TIC novas para o aprendizaxe do alumnado; C10 - O centro posee tablets con teclado que ol alumnado pode levar a casa se non ten equipo informático.	C1 - A conexión wifi é de baixa calidade; C8 - Fóra das aulas TIC, so dispoñemos de poucos ordenadores na biblioteca para uso libre do alumnado
	PERSOAL DOCENTE	F1 - O profesorado compensa dificultades no alumnado a través de actividades e favorece unha paticipación máis activa (ESO e BACH; F4 - O uso de actividades de aprendizaxe dixitales produce unha mellora nos procesos de ensinanza-aprendizaxe no alumnado.(ESO e BACH; B3 - No centro utilízanse as ferrameentas dixitais para colaborar con outras organizacioóns (ESO e BACH).	G3 - O alumnado de bacharelato considera que non ten unha retroalimentación adecuada das actividades que realiza considerando as ferramentas dixitais. G10 - O profesorado non soe ter coñecemento do nivel das capacidades dixitais previas do alumnado F5 - Non se soen utilizar actividades dixitais para fomentar a cooperación entre o alumnado (traballo en grupo/equipo) (ESO e BACH).
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H1 - No noso instituto todos os estamentos están moi implicados en que o alumnado aprenda cómo comportarse de manera segura na rede. O alumnado de bacharelato comparte menos esta percepción, o que pode ser síntoma de que nos últimos anos mellorouse neste aspecto. H1 - No noso instituto todos os estamentos están moi implicados en que o alumnado aprenda cómo comportarse de manera responsable na rede. O alumnado de bacharelato comparte menos esta percepción, o que pode ser síntoma de que nos últimos anos mellorouse neste aspecto. H4 - Nas distintas materias apréndese a verificar que a información atopada na rede é bacharelato comparte menos esta percepción, o que pode ser síntoma de que nos últimos años mellorouse neste aspecto. H10 - O alumnado desenvolve as súas habilidades tecnolóxicas nas distintas materias	C3 - O centro ten malas experiencias co acceso á wifi por parte do alumnado; C13 - O centro ten malas experiencias col uso indiscriminado do móbil por parte doalumnado H11 - Grande parte doprofesorado e do alumnado considera que non se ensina a programar código ao alumnado. Convendría engadir esta competencia ás materias nas que sexa posible.
	FAMILIAS		
	OFERTA		

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		**OPORTUNIDADES**	**AMEAZAS**
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1 - Solicitouse á UAC a actualización da rede wifi para que funcione correctamente. Ademais, a Consellería ofrece o plan Edixgal, que pode supor uhna grande melloría na infraestrutura do centro; C10 - Nol curso actual (21-22) , a Consellería enviou 40 equipos con conexión para prestar ao alumnado que non dispón de ordenador nin internet no fogar. D2 - Acceso a cursos de FPROFE TCDD- A Administración ofrece formación continua ao profesorado.	A4 -O profesorado, tanto na ESO como en Bacharelato, non dispón de tempo suficiente no seu horario laboral para investigar cómo utilizar os recursos tecnolóxicos apropiados para la o ensino dixital.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	C10. Contamos coa colaboración de Axuda en Acción para proveer de recursos dixitais ao alumnado	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para establecer estes obxectivos, partimos da análise DAFO e establecéronse tres logros a desenvolver no curso 2022-2023, como base para continuar desenvolvéndoo de cara a vindeiros cursos.

As accións van dirixidas ás infraestruturas, ao alumnado e ao profesorado. Os obxectivos deste P.A. son:

- Poñer a rede wifi a disposición do alumnado para conectarse con ordenadores e tablets de uso libre na biblioteca, e do profesorado para conectarse cos seus dispositivos no centro.
- Realizar un protocolo de análise e mellora das capacidades dixitais e do acceso ás TIC do alumnado.
- Analizar as materias que poidan traballar contidos de programación e fomentar o seu desenvolvemento para, no futuro, fomentar entre o profesorado iniciativas para aplicar nas súas materias.

Nas táboas que se xuntan recóllese información máis detallada referida aos indicadores e os valores de partida e chegada. Tamén inclúense as accións a desenvolver para lograr cada obxectio e o responsables, temporalización e recursos necesarios.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para desenvolver as accións deste Plan, é preciso abordar a actualización da infraestrutura de datos, concretamente a rede wifi do centro, de xeito que permita un funcionamento eficaz no edificio para que o profesorado e o alumnado poidan acceder a internet, ben sexa con equipos propios ou do centro (baixo préstamo), tal como se indica no primeiro obxectivo.

Con respecto ao equipamento, valorarase no futuro a adquisición de novos equipos informáticos cando a obsolescencia dos que están en funcionamento así o aconselle.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamento			
1. OBXECTIVO (1):	Poñer a rede wifi a disposición do alumnado para conectarse con ordenadores e tablets de uso libre na biblioteca, e do profesorado para conectarse cos seus dispositivos no centro.	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de conexión simultánea de equipos número de equipos dispoñibles para o alumnado		
Valor de partida (3)	4 ordenadores- 0% dos equipos do profesorado		
Valor previsto e data (4)	A rede wifi debe estar operativa en todo o edificio (100%), con capacidade para conectar simultánea e operativamente o 50% dos equipos persoais do profesorado. Os 22 dispositivos dispoñibles para o alumnado na biblioteca en xuño de 2023		

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Obter unha infraestrutura de rede wifi funcional	Equipo directivo UAC-AMTEGA	20 decembro 2022 Depende AMTEGA	Infraestrutura da rede		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO1.2: Organizar unha configuración de rede segura que permita conectar só os equipos autorizados	Equipo directivo Empresa de mantemento informático	15 Abril 2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
A01.3: Establecer un protocolo de autorización de conexión á wifi de equipos para o persoal docente e a biblioteca	Secretaria Coordinador TIC Empresa de mantenento informático	22 Xuño 2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
A01.4: Proveer á biblioteca do equipamento necesario para o alumnado	Equipo directivo UAC-AMTEGA	22 Xuño 2023	15 tablets 7 ordenadores		**Realizada** **Aprazada**

					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamento						
2. OBXECTIVO (1):	Realizar un protocolo de análise e mellora das capacidades dixitais e do acceso ás TIC do alumnado				**Acadado**	
RESPONSABLE:	Grupo de traballo				**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de documentos elaborados					
Valor de partida (3)	Cero					
Valor previsto e data (4)	Catro documentos- xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO2.1: Elaborar unha enquisa inicial de capacidade dixital e de acceso ás TIC do alumnado	Grupo de traballo	20 Decembro 2022	Aula virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO2.2: Elaborar unha enquisa final de capacidade dixital do alumnado	Grupo de traballo	20 Decembro 2022	Aula virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A02.3:Establecer un protocolo de préstamo de equipamento informático ao alumnado	Vicedirección	22 Xuño 2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A02.4: Elaborar un protocolo de aplicación das enquisas e de análise de resultados	Grupo de traballo Titorías-Profesorado de *Tecnoloxía e*	22 Xuño 2023	Aula virtual		**Realizada**	

	Dixitalización				**Aprazada**	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamento						
3. OBXECTIVO (1):	Analizar as materias que poidan traballar contidos de programación e fomentar o seu desenvolvemento para, no futuro, fomentar entre o profesorado iniciativas para aplicar nas súas materias.				**Acadado**	
RESPONSABLE:	Grupo de traballo e xefes de departamento				**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de materias analizadas Ter elaborado un documento cos obxectivos para o seguinte curso					
Valor de partida (3)	Non hai currículo publicado					
Valor previsto e data (4)	100% de materias analizadas e obxectivo redactado en xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO3.1: Análise da presenza de contidos relacionados coa programación nos currículos das materias	Grupo de traballo Xefes de departamento	22 Xuño 2023	Decreto de ESO e bacharelato		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Establecemento dun novo obxectivo para o seguinte curso, para fomentar iniciativas entre o profesorado	Grupo de traballo e departamentos implicados	22 Xuño 2023			**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- Realizarase unha **avaliación procesual** unha vez ao trimestre (nas datas de fin das tarefas parciais de cada obxectivo). Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Realizarase unha **avaliación final** ao finalizar o curso, onde se valorará o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital publicarase na web do centro e daráselle difusión a través do blog e RRSS, unha vez sexa aprobado polo Consello Escolar.